

Comunicado nº 067/21

11 de Maio de 2021

□ **INFORMACIÓN PARA OS LICENCIADOS E SEAREIROS DO AUTOMOBILISMO DE GALICIA.**

Ante as informacións faltas de verdade, exentas de toda rigorosidade legal con tintes tendenciosos, feitas polo presidente da Escudería Lalín-Deza o pasado venres no programa de “Rallye Streaming”; a Asesoría Xurídica da Federación Galega de Automobilismo ten a obriga de clarexar para evitar calquera tipo de dúbidas:

- 1.- As reunións de Xunta Directiva, Comisión Delegada, e Asemblea da Federación Galega de Automobilismo, desde o estado de alarma, fixéronse baixo a normativa do Real Decreto 10/2020 cumprindo todos os requisitos legais de obrigado cumprimento, nos eidos de convocatorias, informacións, e votacións ó efecto.
- 2.- Si a Escudería Lalín-Deza ten un ordenador sen contraseña, sen titular de uso, a disposición de disfrute de tódolos membros incumprindo a Lei de Protección de Datos, e falto de toda protección, polo cal pode votar calquera, a única responsabilidade e do presidente da entidade.
- 3.- O **ínculto presidente** recoñece abertamente que **el foi o promotor do presunto golpe de estado** á xoia da coroa do Automobilismo Galego (**O Campionato de Galicia de Rallyes 2020-2021**), instigando ás probas a que abandonaran o Campionato Galego de Rallyes e se foran á pouca interesante Copa de España de Rallyes 2021. Como obras son amores e non boas razóns, no eido das inscricións (calidade e cantidade) pronto se saberá quen tiña razón e que futuro lle depara ó Campionato de Galicia e a Copa de España de Rallyes.
- 4.- O devandito salvador do **RENOVA-NADA**, ou máis ven sácate tí que me poño eu, non mediu que o **Automobilismo Galego está moi sano**, ten moito futuro deportivo. Evidentemente sen el nin as súas peregrinas ideas de entregarse a Madrid (RFEDA) e de vender á clase política o “Automovilismo Estatal de segunda división” como superior ó **Autonómico de Galicia**; para o que solicita máis subvencións das Institucións para vendela vaquiña polo que vale ou máis ben polo que el di que vale...
- 5.- Escoitando as súas verbas, feitas con inquina e resentimento, cheas de acusacións infundadas e faltas de realidade, poderíamos seguir rebatindo cada punto pero a vista do visto e oído non merece a pena perder nin un minuto máis xa que “o personaxe” sacou a súa careta en público e descubriu a súa faciana, da que moitos xa tiñamos probas dadas no seu pasado máis inmediato, e por ilo rematamos a nosa exposición **reivindicando un Automobilismo Galego independente, libre, de base, e para todos e todas...**
- 6.- Así mesmo e ante o probable prexuízo polas declaracións feitas, en base ós artigos 48 e seguintes, 78 e seguintes dos Estatutos da Federación Galega de Automobilismo por ilo dase traslado, con data de hoxe, ó Tribunal Galego de Apelación da Federación Galega de Automobilismo cunha gravación do programa, por si houbera que depurar calquera responsabilidade disciplinaria.

**ASESORÍA XURÍDICA DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO**